



***CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A
ASOCIACIÓN CULTURAL SILVA DE SONS PARA A REALIZACIÓN DO CICLO ESPAZOS
SONOROS 2017***

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar convenio coa ASOCIACIÓN CULTURAL SILVA DE SONS, por un período de vixencia que abrangue dende o 29 de maio de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- A realización de programacións musicais e obradoiros e outras actividades complementarias, xunto coa programación musical relacionados coa música e co patrimonio de acordo cos obxectivos xerais do festival.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a Asociación Silva de Sons é a que





ten entre os seus fins a promoción e difusión da música dende as máis amplas perspectivas, centrándose non só no artístico, senón tamén no referente ao estudo histórico, patrimonial, científico técnico e, especialmente, educativo.

Polo que a Asociación Cultural Silva de Sons é a que posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterio obxectivos, así coma o de beneficiario da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante o asinamento dun contrato dos contemplados no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2017

